

supostos de co -titularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe, o relación semellante a conxugal, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe, ou parella de feito ou relación semellante, e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. As entidades locais titulares do servizo establecerán os mecanismo de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 16º.—PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS

TABO A DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR

INGRESOS IPREM	COPAGO
Entre o 100 % e o 150 %	10%
Entre o 150 % e o 200 %	12%
Entre o 200 % e o 250 %	15%
Entre o 250 % e o 300 %	20%
Entre o 300 % e o 350 %	28%
Entre o 350 % e o 400 %	37%
Entre o 400 % e o 450 %	45%
Entre o 450 % e o 500 %	60%
> 500 %	65%

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendadas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

2. Para o resto dos supostos o Concello de A Lama establece a modalidade do copagamento do servizo que se reflicte nas seguintes táboas:

3. Sen prexuízo do establecido na liña anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil, reflictido sempre no informe emitido polo/pola Traballador/a social.

SECCIÓN III.—DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POR ENTIDADES PRIVADAS

ARTIGO 17º.—DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

1. As entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos.

2. Para tal efecto establecerán un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria dirixido aos servizos comunitarios básicos do Concello de A Lama.

3. Así mesmo trasladarán aos servizos comunitarios básicos municipais das persoas usuarias copia actualizada do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento.

A Lama, 2 de novembro de 2009.—O alcalde, Jorge Canda Martínez. **2009012312**

* * *

MOAÑA

A N U N C I O

Modificación do Regulamento de axudas sociais para o persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña.

O Pleno Municipal, na súa sesión ordinaria celebrada en data un de outubro de dous mil nove, adoptou acordo sobre a modificación do Regulamento de axudas sociais para o persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña. Seguidamente se transcriben literalmente as modificacións introducidas no texto:

a) Modificar o artigo 1, apartado 7. “Convocatoria”, que quedará redactado como segue:

“O Concello abrirá o prazo de solicitude de subvencións por estudos e gardería, e solicitaranse individualmente durante o ano a petición do interesado nos meses de xaneiro e febreiro de cada ano.

As axudas sanitarias poderán solicitarse polos interesados durante todo o ano, no momento en que se xustifique a súa solicitude.”

b) Modificar o artigo 2, apartado 2 “Documentación a aportar”: Onde di “Xustificante e factura de compra”, deberá dicir “Xustificante ou factura do gasto contraído en caso de estudos de F.P., Bacharelato e Universidade.”

c) Modificar o artigo 4, apartado 1, “Documentación a aportar”. Onde di “Tres orzamentos para a autorización do gasto”, deberá dicir “Un orzamento para a autorización do gasto”.

d) Engadir o artigo 11: “No caso da ludoteca municipal, a redución do 50% aplicarase aos fillos e fillas do funcionario/a.”

Moaña. 21 de outubro de 2009.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero. **2009013314**

* * *

O I A

E D I C T O

Por non resultar posible practica-la notificación persoal a D. José Luis Méndez Gameiro no lugar indicado como domicilio, por medio do presente edicto e conforme ó disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícaselle que con data 18 de novembro de 2009 o Sr. Alcalde Presidente adoptou o seguinte decreto nº 443/2009:

“Con data 30 de Outubro de 2009 (RE nº 2712/2009) tivo entrada no Rexistro do concello de Oia providencia dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra no Procedemento Ordinario 416/2009-MS , na que se require o concello de Oia para que no prazo improrrogable de 20 días remita o expediente administrativo completo e para que se notifique de inmediato a resolución que ordene a remisión do expediente a tódolos interesados no mesmo.

Considerando que, en virtude do establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/85 de 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello está atribuída a esta Alcaldía-Presidencia, incluso cando foran delegadas noutra órgano, RESOLVO: